

RESOLUCIÓN DO ÓRGANO DE SELECCIÓN DA CONVOCATORIA DE CONTRATACIÓN (REFERENCIA 2020/CP/099), PARA DESENVOLVER TAREFAS DE ADMINISTRACIÓN E XESTIÓN DO CONVENIO PERSOAL I+D+i, XUNTA DE GALICIA - UNIVERSIDADE DA CORUÑA (CATEGORÍA TÉCNICO/A ADMINISTRATIVO/A), PUBLICADO NA SÚA SEDE ELECTRÓNICA E NA PÁXINA WEB DA UDC O 30 DE ABRIL DE 2020

De acordo coa acta do Órgano de Selección da convocatoria de contratación con referencia 2020/CP/099, para un/ha colaborador/a para desenvolver tarefas de administración e xestión do Convenio persoal I+D+i, Xunta de Galicia – Universidade da Coruña, publícase esta resolución:

O 30 de abril do 2020, publicouse no Taboleiro Electrónico Oficial da UDC e na súa páxina web unha convocatoria coas bases para a selección e contratación laboral dun/ha técnico/a administrativo/a a tempo completo.

1. O Órgano de Selección constituíuse na Vicerreitoría do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social o día 29 de maio de 2020.
2. O Órgano de Selección estivo formado polos/as seguintes membros:
 - D.^a María Jesús Movilla Fernández, vicerreitora do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social, presidenta
 - D.^a Rocío Arias Vázquez, secretaria da Vicerreitoría do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social, vogal
 - D. Ginés Nicolás Costa, director do Campus Industrial de Ferrol, secretario
3. Tras o estudo e valoración das solicitudes presentadas o Órgano de Selección decide facer a proposta de adxudicación para a contratación laboral, por parte do Servizo de Investigación e da Xerencia da UDC, da solicitante que acadou a maior puntuación:

FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ, YOLANDA

O Órgano de Selección decide publicar esta resolución no Taboleiro Electrónico Oficial da UDC.

Contra esta resolución, as persoas interesadas, poderán presentar reclamacións ante a vicerreitora do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social no prazo de tres días, que se contarán a partir do día seguinte ao desta publicación no taboleiro de anuncios.

Ferrol, 1 de xuño de 2020

A presidenta do Órgano de Selección

María Jesús Movilla Fernández